

# Libros de texto 2009-2010 GRATUIDADE SOLIDARIA

**7 de cada 10 escolares  
galegos terán axudas para libros**

Galicia xa é a Comunidade Autónoma que máis axuda chega por alumno: 180 euros (145€ en Andalucía, 133€ en Navarra ou 127€ en Valencia)



XUNTA  
DE GALICIA

XACOBEO 2010  
Galicia

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## UN MODELO XUSTO E SOLIDARIO

### AXUDAR MÁIS A QUEN MENOS TEN

Co novo sistema de Gratuidade Solidaria, cun investimento global de **7 millóns de euros**, a Xunta concentra o seu esforzo económico nos que máis o necesitan: **familias con rendas baixas e medias, familias monoparentais** (separados/as, viudos/as, divorciados/as...), **familias con algúna discapacidade, familias numerosas**, etc.

#### A quien vai dirixido?

Aos pais con fillos/as que comenza **1º, 2º, 5º e 6º** de Primaria e Educación Especial.

#### Como se consigue a bolsa de axuda?

Presentando a documentación completa e o formulario no seu centro escolar desde o 1 ao 30 de setembro.

#### Que documentación teño que presentar?

Do 1 ao 30 de setembro, unha fotocopia dos DNI dos pais, unha fotocopia do libro de familia, unha certificación bancaria dun número de conta corrente e o **formulario cumplimentado**. O formulario se poderá recoller no centro escolar, nas sedes da Xunta ou baixar da web [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es).



#### Cales son os importes das bolsas de axuda?

**180 €** por fillo para as familias con rendas anuais inferiores a 5.400 euros per cápita (5.400 euros por cada un dos membros da unidade familiar).

**104 €** por fillo para as familias con rendas anuais inferiores a 9.000 euros per cápita (é dicir, 9.000 euros por cada un dos membros da familia).

**250 €** para cada neno de Educación Especial, independentemente da renda anual familiar.

#### Cal é o importe da miña axuda?

Só hai que dividir os ingresos totais do fogar entre o número de membros, é decir, sumando os importes dos recadros 455 e 465 das declaracions da Renda do ano 2008 e dividindo esta cifra entre o número de membros da familia.<sup>1</sup>

Aqueles que non presentaron declaración da Renda deben solicitar o certificado correspondente na Axencia Tributaria.

Base imponible xeral ( [450] - [451] + [452] - [453] - [454] ).....	455
Base imponible do aforro ( [457] - [458] + [460] - [461] ).....	465

## INGRESOS

### 2 INGRESOS / = IMPORTE



Nº membros familia

### 3 IMPORTE

Igual ou menor 5.400€ → 180€ de axuda por alumno/a  
Entre 5.401€ e 9.000€ → 104€ de axuda por alumno/a

#### Uns exemplos:

**Exemplo 1:** Unha familia composta por pai, nai e dous fillos (é dicir, 4 membros), terá dereito a 180 euros por fillo se os seus ingresos non superan os 21.600 euros ( $5.400 \times 4 = 21.600$ ). Se están entre 21.600 e 36.000 euros, recibirán 104 euros por cada fillo ( $9.000 \times 4 = 36.000$ ).

**Exemplo 2:** Unha familia de 5 membros (pai, nai e 3 fillos), recibirán 180 euros por cada fillo se os seus ingresos están por debaixo dos 27.000 euros. Se os ingresos están entre 27.000 e 45.000 euros, recibirán 104 euros por cada fillo.

#### Casos especiais:

**Familias monoparentais:** Neste caso, a marxe para recibir a axuda de 180 euros aumenta ata os 6.000 euros de renda per cápita.

**Exemplo 3:** Unha familia monoparental de 2 membros (nai/pai + 1 fillo) recibirán a axuda de 180 euros se os ingresos están por debaixo dos 12.000 euros. Se está entre 12.000 e 18.000 euros, a axuda será de 104 euros.

**Minusvalías:** Os membros da familia con minusvalías igual ou superior ao 33% computan por dúas á hora de establecer o nivel de renda familiar.

#### Por que é mellor este sistema?

- Os nenos poden empregar o libro como unha verdadeira ferramenta de traballo para sublinhar, anotar e telo na casa para sempre.
- Todos os estudos científicos aseguran que a propiedade do libro aumenta o rendemento académico.
- É o modelo de axudas á compra de libros de texto más estendido en España (Asturias, Cantabria, Cataluña, Madrid, Murcia e Valencia) e en Europa.

